

O PSOE alerta de que o PP revisará o grado dos 6.000 grandes dependentes da provincia para reducilles as axudas e "facer negocio"

O Goberno Central transfire ás autonomías unha suma por cada dependente atendido, pero esta cantidade non é igual se se trata dun dependente de tipo I, II ou III. Por tanto, un cambio de grado tres a dous representa á baixa un aforro de 1.428 euros ó ano por afectado

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

A secretaria de Política Social incidiu en que "co PP os dependentes son cada vez máis dependentes", pois, con esta medida, a Xunta, que é a encargada de realizar o baremo, dificultará notablemente a calidade de vida destas persoas, xa que para moitas resultará imposible acceder a unha praza das catro residencias privadas que hai na provincia, cuxo aloxamento supón unha media de 1.200 a 1.500 euros ó mes

Proba de que o Partido Popular "se seguirá encarnizando" con este colectivo en 2014 é que, mentres a Xunta dedicou nos últimos exercicios 68,24 de cada cen euros á Sanidade, Educación e Servizos Sociais, no ano acaba de arrancar, só prevé gastar nesas tres áreas 60,5. Esta caída, que representa un 495 millóns en apenas tres anos, afectará principalmente ós fogares de Lugo, pois, con máis do 11%, son os que contan cun maior número de dependentes de Galicia

Os socialistas aseguran que, coa chegada dos populares ó Goberno, destruíronse máis empregos ca nunca. Proba delo, é que os cuidadores non profesionais dun dependente descenderon un 43% na provincia. "E dicir, Rajoy e Feijóo, só en Lugo, liquidaron máis de 500 destes postos de traballo"

Destacan que o copago aplicado ó servizo 065 que, durante o mandato bipartido tiña un custe 0 para os usuarios, é o preludio da desaparición desta prestación

Os secretarios de Política Social e de Organización, Ana María González Abelleira e Carlos Ferreiro, respectivamente, denunciaron este luns "o coto que está a poñer o Partido Popular a un sector da poboación tan vulnerable como son os dependentes". Neste senso, os socialistas, diante da residencia de maiores da Milagrosa, na que boa parte dos usuarios pertencen a este colectivo, indicaron que en 2014, ano no que a Lei de Dependencia cumpre o seu sétimo aniversario, e logo dos recortes e copagos impostos a este colectivo, os Gobernos do PP "farán, en primeiro lugar, negocio con estas persoas; segundo: converteranos cada vez en máis dependentes; terceiro: encarnizaranse con eles; e, cuarto: liquidarán máis postos de traballo".

Proba de que os populares "farán caixa" con este colectivo, destacan a nova medida que Goberno Central e Xunta de Galicia están a levar a cabo, e que inclúe a revisión e modificación dos casos incluídos no Grado III, ou grandes dependentes, para rebaixar a cantidade que o Estado concede á administración autonómica nestes casos, e así "aforrar cartos".

O Executivo estatal transfire ás autonomías unha suma por cada dependente atendido, pero esta cantidade non é igual se se trata dun dependente de tipo I, II ou III. Isto, evidentemente ten implicacións económicas directas. En total, en Lugo, segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE), a cifra de dependentes con discapacidade de grao III, que son aqueles que necesitan cuidados continuos para as actividades diarias máis básicas, ascende a 6.217. É dicir, só na provincia, segundo indicaron os socialistas, máis de 6.000 persoas poderán verse afectadas por este revisionismo.

Segundo a normativa do Goberno, o Ministerio de Sanidade paga á Xunta de Galicia 117,86 euros por cada beneficiario de grado III e 82,84 por cada un de grado II. Pero, outorga ás Comunidades a potestade para baremar en que grado se atopa cada dependente; o que, no caso de que se produza unha rebaixa de grado, levará consigo unha redución na asignación de fondos e un aforro para a administración que paga as axudas.

Concretamente, para o cuidado de familiares, a contía máxima da axuda é de 387 euros ó mes no caso dun gran dependente, é de 268 euros para os de grado II. Un cambio da tipoloxía á baixa representa neste caso un aforro de 1.428 euros ó ano por afectado. "Digo máis, esta é cantidade que unha persoa de Grado III deixará de percibir se a Xunta de Galicia decide pasala ó Grado II", destacou González Abelleira.

Segundo: "co PP, os dependentes cada vez son máis dependentes"

A secretaria de Política Social incidiu en que "estamos ante un caso de máxima gravidade", pois, con esta medida, a Xunta o que vai conseguir é dificultar notablemente a calidade de vida destas persoas, xa que, se non poden ser atendidas, para moitas resulta imposible acceder a unha praza nunha das catro residencias privadas que hai na provincia. Aloxarse nestas instalacións supón para o usuario unha media de 1.200 a 1.500 euros ó mes.

Terceiro: "o PP encarnizarase este ano aínda máis con este colectivo"

Proba de que o Partido Popular "se encarnizará con este colectivo" ó longo de 2014 é que, mentres o Executivo galego dedicou nos últimos exercicios 68,24 de cada cen euros dos Orzamentos ás políticas de Sanidade, Educación e Servizos Sociais. no ano acaba de arrancar, só prevé gastar nesas tres áreas 60,5 euros; o que supón unha caída de oito puntos e de uns 495 millóns en apenas tres anos.

Segundo o IGE, os fogares de Lugo, con máis do 11%, son os que contan cun maior número de dependentes de Galicia, en total, 16.400. Esta porcentaxe supera en case 3 puntos a media galega, que se sitúa o 9,44%. "Os datos demostran que o mantemento destas axudas é esencial para garantir a supervivencia destas persoas", destaca González Abelleira.

Cuarto: Liquidación de postos de traballo

Os galegos dados de alta na Seguridade Social como cuidadores non profesionais dun dependente descenderon un 43% dende que o Partido Popular está no Goberno. "Rajoy e Feijóo, só na provincia de Lugo, liquidaron máis de 500 empregos encadrados neste apartado".

O último contratempo, lembraron os socialistas, produciuse co decreto de 2012 da Xunta de Galicia que acota a aportación da Consellería a todos os traballadores sociais e exclúe ó resto de persoal das unidades de intervención social básica, como psicólogos, pedagogos, logopedas ou auxiliares de cuidados nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Por se fose pouca esta redución, o decreto indicado tamén establece un copago para dependentes e outro para non dependentes. A carga económica sobre os últimos será maior e poderá alcanzar o 90% do custe do servizo se a capacidade económica do usuario excede o 2,5% do IPREM, fixado en 532 euros. Ata 2012, o beneficiario pagaba como moito o 65%.O servizo encarácese para os usuarios non dependentes que conta unha renda maior de 425 euros, o 80% do IPREM. Pagarán entre o 10 e o 30% do servizo. Coa orde anterior, a axuda era gratuíta por debaixo dos 532 euros.

"O PP abandona ós dependentes á súa sorte"

Finalmente, os socialistas criticaron o drástico recorte aplicado no servizo de transporte adaptado 065, do cal se benefician moitos dependentes da provincia. "Di Feijóo: todas estas persoas terán en Galicia garantizado o servizo de transporte regular para acudir ós centros de día. Como? Aplicándolles o copago. Esta era unha prestación que, durante o goberno bipartito, era gratuíta. Tiña un custe 0 para

Nota de prensa



os usuarios pero, lamentablemente, xa non seguirá sendo". A contas autonómicas indican que en 2013 a Xunta gastou 13 millóns de euros neste servizo e, o contrato deste ano, fixa un importe de 3,75 millóns anuais. É dicir, unha redución do 73%.

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

Nestes momentos, en Galicia necesitan e reciben este servizo máis de 6.000 persas segundo o IGE, pero máis do triple -19.200- tamén o precisan, pero non o reciben. "Que queremos dicir con isto? Que 2014, é o inicio da desaparición do 065, pois se non hai investimento, xa me dirán como se pode seguir mantendo". Por todo elo, os socialistas lamentaron que "o PP abandone á súa sorte ós dependentes deste xeito".

20 de xaneiro de 2014

**Sáudos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo**

www.psoeprovincialdelugo.com

www.facebook.com/psoeprovinciallugo

www.twitter.com/PsoeLugo